



María José Montero Furelos
Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Nuria de Castro Iglesias
Xefa do Servizo Central de PRL

Diante da convocatoria nº 7/20 da Comisión Central de Seguridade e Saúde do Servizo Galego de Saúde, CIG-Saúde solicita que se incorporen á Orde do día para seren tratados os seguintes temas:

1.- Tras finalizar o estado de alarma e decaer o R/D 19/2020 derivado del, que regula á continxencia da IT como consecuencia da COVID-19, queda sen efecto a consideración de accidente laboral aos procesos de IT relacionados coa COVID-19. A regulación alternativa sería o R/D 6/ 2020 do 10 de marzo, pero este esixe probar que o contaxio foi producido no entorno laboral, de aplicarse produciría unha importante sobrecarga dos servizos de prevención e deixaría, en moitos casos, ás traballadoras en IT relacionadas coa COVID-19 con continxencia por enfermidade común.

Aínda que isto sexa así no ámbito do estado español, solicitamos que no ámbito SERGAS sega vixente a instrución ditada a tales efectos, xa que non ten ningún sentido esta desprotección do persoal.

2.- O Instituto de Saúde Carlos III publicou o mércores 22 de xullo os primeiros resultados do “Proxecto Factores de Difusión COVID-19”, que analiza os distintos elementos que favoreceron a expansión da enfermidade no Estado español, dende a mobilidade á transmisión en diferentes colectivos, así coma os primeiros focos que dispararon a incidencia do novo coronavirus. O informe recolle que en Galicia "o persoal sanitario infectado foi o factor que tivo un efecto maior sendo este moderado alto", mentres que "o resto de factores tiveron unha intensidade menor no ritmo de difusión da epidemia".

Solicitamos que se nos informe da valoración que se fai destes resultados e das medidas que se pensan tomar para evitar esta situación en brotes futuros.

3.- En informacións de prensa do día 15 de xullo aparecen referencias a un “Plan galego de rebotes” con catro niveis de risco con criterios epidemiolóxicos, aportando datos dos indicadores das diferentes áreas sanitarias.

Solicitamos que, de ser certa a información de prensa, se nos facilite información sobre ese “Plan galego de rebotes”. Queremos manifestar tamén o noso desagrado polo feito de que documentos desa transcendencia sexan comunicados a algún medio de comunicación antes que as representantes das traballadoras.

4.- Solicitamos que se informe da situación de dispoñibilidade, e posibilidades de compra, de luvas. En comisións anteriores tense informado das dificultades de subministro a nivel

internacional, polo que consideramos importante coñecer o nivel de stock actual e as accións que ten emprendido a Consellería de Sanidade para garantir a súa dispoñibilidade.

5.- Solicitamos que se informe do tratamento que se está a dar dos casos de mariñeiros enrolados en diferentes ámbitos que chegan ás súas residencias con PCR positivas ou con indicacións de illamento por contacto con casos positivos. Quen fai o seguimento? Como se contabilizan?

6.- O contexto actual pon, aínda máis, de manifesto a importancia da Saúde Pública para tratar de garantir o mantemento da saúde do conxunto da cidadanía.

Desde a irrupción do SARS-CoV-2 na nosa comunidade quedou clara a debilidade da estrutura da Dirección Xeral de Saúde Pública. A contratación de persoal alleo para facer a investigación e seguimento de contactos de pacientes COVID-19 positivos supuxo unha perda de oportunidade de dotala de máis persoal e garantir a súa capacidade de liderado e reacción diante de futuras pandemias.

Para CIG-Saúde a visión da Saúde Pública non pode ser substituída pola hipertrofia do papel da Asistencia Sanitaria, ámbalas dúas teñen que xogar o seu papel nas crises sanitarias como as que estamos a padecer.

Solicitamos que se informe das medidas que se pensan tomar para reforzar o papel da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Compostela, 28 de xullo de 2020.

Un saúdo

M^a Xosé Abuín Álvarez